

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

**SOL PASIÓN, S.L.** solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dunha **sala de festas no parque empresarial As Gándaras, rúa A, parcela O.2.1.**

Cumprindo o disposto no núm. 5 do apartado a), do art. 36 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, do 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 2 de decembro de 2015.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DO ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, Xosé Daniel Piñeiro Villares

R. 2166

*Anuncio*

Por Decreto núm. 16005647 do día 18 de xullo aprobouse, entre outros o procedemento de licitación para a **LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (EXPTE. REF. 28-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.****a) Descrición do obxecto**

O obxecto deste contrato é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos 32 postos de venda durante as festas de San Froilán para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello de Lugo.

**b) Duración da ocupación :**

As autorizacións para a instalación dos postos terán unha duración de catro anos, isto é, para as festas de San Froilán dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 se ben as datas de montaxe e desmontaxe dos postos, así como o tempo de funcionamento serán fixados polo Concello.

O resto das condicións da ocupación están recollidas na cláusula segunda das Bases.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

**4.- Importe de licitación:** O prezo que os titulares das autorizacións para a ocupación do stand aboen constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de canon e a finalidade de compensar ó Concello de Lugo polo aproveitamento especial do dominio público por parte dos beneficiarios, sen prexuízo da taxa pola ocupación do dominio público que deban aboar conforme as Ordenanzas vixentes. Así, os importes inherentes á adxudicación dos postos na feira son:

a) Prezo público de uso de stand .....507,08 euros

b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal núm. 152) ....97,55 euros

c) Fianza ..... 100 euros

Importe TOTAL-----704,63 euros

**5.- Condiciones especiais de execución:****Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**6.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases.

**7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sexta das Bases.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nas Bases

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**8.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó primeiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen nas Bases.

10.- **Gastos:** 166,92 euros aproximadamente, que se repartirán de xeito proporcional.

Lugo, 18 de xullo de 2016.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES EN SUPLENCIA DA A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Miguel Fernández Méndez

R. 2217

---

## QUIROGA

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de Xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

1. Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2.016.

2. Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3. Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.